



XUNTA DE GALICIA

galicia

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN ESPERANZA SALNÉS**

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2017

**REÚNENSE**

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, de 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Augusto Chaves Fariña, representante legal da Asociación Esperanza Salnés, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións de Pontevedra co número 1997- 4077-1.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade con que cada un intervén, a capacidade legal necesaria para subscribir este Convenio, e para tal efecto,

**EXPOÑEN**

**Primeiro.** – No Decreto 235/2012, de 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, créase a Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Pola súa parte, o artigo 20 do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Dirección Xeral de Administración Local, integrada na estrutura desta Consellería, contribuirá á cohesión territorial e a equilibrar as disparidades no desenvolvemento socioeconómico de Galicia, mitigando os desequilibrios entre o medio rural e urbano, o interior e a costa e contribuíndo á fixación de poboación, mediante a redución de diverxencias. Neste sentido, a existencia de asociacións que poidan levar a cabo actividades de interese xeral para os municipios non sería posible sen a axuda e colaboración da Administración Pública. A maior abastanza, e dado o carácter limitado dos recursos municipais, a única maneira de diminuír as diverxencias territoriais e a través de axudas desde a Administración Autonómica.





Esta asociación conta cunha Unidade de atención no concello de Cambados que presta asistencia diaria a nenos e mozos de toda a comarca do Salnés, levando a cabo actividades destinadas a unha mellora da súa calidade de vida.

Tendo en conta os principios inspiradores das relacións entre Administracións Públicas, aínda que a colaboración interadministrativa non se dea de forma directa entre a Comunidade Autónoma e o Concello, a concesión da axuda á Asociación repercute positivamente na poboación municipal e por conseguinte na actividade ordinaria do Concello. Queda patente por tanto que, a colaboración na protección de bens de interese local a través de Asociacións constitúe unha competencia da Dirección Xeral de Administración Local, cuxo contido económico se xestiona desde a Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza .

Polo exposto correspóndelle á citada Secretaría Xeral Técnica asumir a concesión da axuda, en tanto en canto constitúe o órgano de apoio e asistencia das diferentes Direccións Xerais.

**Segundo.** – O obxecto da Asociación Esperanza Salnés é a promoción e realización de actividades que sexan contributivas de atender as necesidades e mellorar a calidade de vida dos nenos e mozos de entre 2 e 18 anos que padezan algunha discapacidade física, intelectual, sensorial, parálise cerebral e/ou patoloxías afíns, incidindo especialmente no eido asistencial e favorecendo a súa integración familiar, social e laboral.

**Terceiro.** - A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias está a desenvolver diferentes programas e accións encamiñadas a equilibrar as disparidades existentes no desenvolvemento socioeconómico de Galicia. Entre outras actuacións colabora para solucionar situacións sociais problemáticas, ben directamente ou cooperando con institucións que traballan a nivel local co afán de prestar un mellor servizo aos veciños e veciñas da comarca do Salnés.

**Cuarto.** - De acordo co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cómpre salientar que a Asociación Esperanza Salnés está a desenvolver actividades destinadas a unha mellora da calidade de vida dos nenos con discapacidade física ou intelectual de moi diversas patoloxías da comarca do Salnés e da cidadanía en xeral . Para a consecución deste obxectivo esta asociación está levando a cabo distintas actividades co obxectivo de proporcionar una atención terapéutica especializada e individualizada nas distintas áreas de actuación ás persoas con calquera tipo de minusvalía de idades comprendidas entre os 2 e os 8 anos, salvo excepcións puntuais, tanto escolarizadas como sen escolarizar debido ás patoloxías asociadas, co fin de axudar a mellorar a súa calidade de vida e a súa integración plena no ámbito educativo e socio- familiar.

Ao abeiro do exposto, esta Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza considera necesario colaborar coa Asociación Esperanza Salnés no desenvolvemento destas actividades, pois a través de programas de intervención terapéutica como este, téntase acadar solucións efectivas tanto aos menores con estas necesidades como aos seus núcleos familiares e ao seu entorno social, redundando nunha mellor prestación de servizos a toda a cidadanía desta comarca.





En atención ao sinalado non é posible promover a concorrência pública pola especificidade do programa a desenvolver.

**Quinto.** - A entidade cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consecuencia ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración con suxeición as seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. – OBXECTO

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Asociación Esperanza Salnés coa colaboración na realización durante o ano 2017 das actividades e programas de Intervención Terapéutica, destinados aos fins descritos no expoñendo cuarto deste convenio.

### SEGUNDA. - Obrigas da Asociación

A Asociación Esperanza Salnés, queda obrigada a:

1. Destinar os fondos percibidos ao financiamento dos gastos derivados da realización das actividades incluídas nos distintos programas de Intervención Terapéutica levados a cabo pola asociación para a consecución dos fins para a que foi constituída.
2. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da CCAA para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, o cumprimento de tódalas condicións e obrigas recollidas neste convenio, e o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como ás demais obrigas esixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
4. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ó Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.





## TERCEIRA. – OBRIGAS DA CONSELLERÍA

A Vicepresidencia e consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, aboará á Asociación Esperanza Salnés a cantidade de QUINCE MIL EUROS (15.000 €) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05 21 121A 481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017.

## CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E LIBRAMENTO DOS FONDOS.

A achega económica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza realizarase nos termos requiridos nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 citada.

A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos revestirá a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de conformidade co establecido nos artigos 28 da Lei 9/2007 e 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O representante da Asociación acreditará a realización das actividades financiadas estendendo certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente.

Con anterioridade á xustificación da execución da actividade presentarase unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a consellería, se reducirá na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Asociación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.





Ó abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a Asociación, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 15 de decembro de 2017.

## QUINTA. – PAGOS PARCIAIS.

A achega económica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá instrumentarse mediante pagamentos parciais, a solicitude da entidade, ata un máximo do 80% da contía total da achega, de acordo co disposto no artigo 62 e do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro e 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dentro do límite da respectiva anualidade orzamentaria e atendendo ó ritmo de execución da acción subvencionada.

Para a realización de pagamentos parciais a entidade, deberá xustificar que se realizaron actuacións relacionadas co obxecto do convenio, así como o seu pagamento. Os pagamentos parciais quedarán condicionados ó resultado da liquidación definitiva.

De acordo co establecido nos artigos 11.d) da Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, antes de efectuar o primeiro pago parcial da achega económica da Administración Autonómica, a entidade, deberá presentar unha declaración do conxunto de tódalas axudas concedidas para este mesmo fin, perante as Administracións Públicas ou outros entes públicos. Con carácter previo á tramitación do derradeiro pagamento a Fundación deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actuación das distintas Administracións Públicas ou das entidades vinculadas ou dependentes das mesmas.

## SEXTA. - COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

De acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais

## SÉTIMA. - SEGUIMENTO DO CONVENIO

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha comisión mixta paritaria, integrada pola Secretaria Xeral Técnica da Consellería e o Presidente da Asociación, ou persoas que designen no seu nome, e un representante máis de cada unha das partes.

A comisión mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicita algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio

Proposta, se é o caso, de addendas





- Intervención previa á resolución por incumprimento
- Coordinación das funcións das dúas administracións
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

## OITAVA. - PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

## NOVENA. - RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades obxecto da axuda.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade có disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

## DÉCIMA. – XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, previo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso - administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

## DÉCIMO PRIMEIRA. – VIXENCIA

A vixencia do presente convenio estenderase dende a sinatura ata o cumprimento, polas partes, dos deberes asumidos. En ningún caso excederá do 31 de decembro de 2017.





XUNTA DE GALICIA


galicia

**DECIMO SEGUNDA. - Normativa aplicable**

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

E en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O Vicepresidente e Conselleiro de  
Presidencia Administracións Públicas e  
Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela

O representante legal da Asociación  
Esperanza Salnés

Augusto Chaves Fariña